# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro

CURSO: Primeiro

MATERIA: Lingua estranxeira (Inglés)

DEPARTAMENTO:

DATA: Maio 2020

NSTRUCIÓNS DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

# ÍNDICE


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | | |
|---|---|---|
| Competencias | Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| CCL | B1.1. | PLEB1.1 Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.<br>Avaliado durante o primeiro e segundo trimestre. A reforzar no terceiro trimestre. |
| CCL | B1.2 | PLEB1.2 Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.<br>Avaliado durante o primeiro e segundo trimestre. A reforzar no terceiro trimestre. |
| CCL CAA | B1.3. | PLEB1.3 Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.<br>Avaliado durante o primeiro trimestre. Reforzado durante o segundo trimestre . A reforzar durante o terceiro trimestre. |
| CCL | B1.4. | Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis…).<br>Avaliado durante o primeiro e segundo trimestre. A reforzar no terceiro trimestre. |
| CCL CSC | | PLEB2.4 Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.<br>Avaliado durante o primeiro e segundo trimestre. A reforzar durante o terceiro trimestre . |
| CCL | B3.1. | PLEB3.1 Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.<br>Avaliado nalgunha ocasión moi esporádica durante o segundo trimestre. Implementarase no terceiro trimestre e no curso 2020/21. |
| CCL | B4.1. | PLEB4.1 Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.<br>Iniciado durante o segundo trimestre. A reforzar durante o terceiro trimestre e no curso 2020/21. |
| CCL CSC | B5.2. | PLEB5.2 Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social. (please, thank you, good morning, goodbye, hello...)<br>Avaliado durante o primeiro e o segundo trimestre. A reforzar durante o terceiro trimestre . |
| CCL | B5.6. | PLEB5.6 Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad…)<br>Avaliado durante o primeiro e o segundo trimestre. A reforzar durante o terceiro trimestre . |
| CCL | B5.9. | Diferenza preguntas e respostas moi simples.<br>Non avaliado durante os dous primeiros trimestres. A reforzar no curso 2020/21 |
| CCL | B5.10. | PLEB5.10 Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas **interaccións** de aula. (sit down, stand up, tidy up, take the books, open the book, line up, calendar...)<br>Avaliado durante o primeiro e segundo trimestre. Compricada a súa implementación na aula virtual durante o terceiro trimestre, intentarase traballar durante as sesións de vídeo conferencia.. |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos:**<br>Observación e análise da participación e rendemento no curso virtual durante o confinamento.<br>Análise dos datos rexistrados nas actividades de retroalimentación indirecta e retroalimentación directa . |
| | **Instrumentos (aula virtual):**<br>Cuestionarios<br>Scorms<br>Tarefas<br>Calificador<br>Actividades de foro<br>Lista de cotexo do rendemento e a participación do alumnado no curso virtual. |
| **Cualificación final** | **Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:**<br>1. Se un alumno ou alumna obtivo unha nota superior ao 5 nas dúas avaliacións anteriores e entrega as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e participa nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas anteriores. Segundo a avaliación do traballo realizado pode aumentar, en ningún caso diminuila.<br><br>2. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e entregue as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores, senón que pode aumentar tendo en conta que as actividades no terceiro trimestre son de reforzo e recuperación.<br><br>3. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e non entregue as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e non participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores.<br><br>4. Se un alumno ou alumna ten suspensas as dúas avaliacións dunha área e non participa en videoconferencias nin aporta tarefas telemáticamente ou impresas para mellorar os seus resultados e competencias, sendo informada a familia da falta de traballo na área, non acadará unha valoración positiva. O mestre ou mestra da área recollerá evidencias de ter informado a familia da situación.<br><br>5. No informe individualizado do alumnado, que se remitirá ao finalizar o curso debe quedar recollido, de cara ao seguinte curso escolar 2020 - 2021, o traballo realizado polo alumno ou alumna no terceiro trimestre e os atrasos producidos detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas. Tamén debe quedar reflexado nas observacións do boletín de notas da avaliación ordinaria, cumprimentando este apartado en Xade. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | *Non procede.* |

| | | |
|---|---|---|
| **Alumnado de materia pendente** | Criterios de avaliación:<br>*Non procede* |
| | Criterios de cualificación:<br>*Non procede* |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>*Non procede* |

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre
### (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|---|---|
| **Actividades** | Comprensión oral- vídeos, paquetes scorm<br>Comprensión escrita- Cuestionarios  e paquetes scorm<br>Expresión oral _ grabación de audios.<br>Tipoloxía: Interactivas aloxadas na aula virtual (Scorms, cuestonarios , actividade de foro e tarefas).<br>Vídeo conferencia semanal |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | A  metodoloxía didáctica empregada nas sesións virtuais de lingua estranxeira durante o confinamento continuará a ser comunicativa, activa e participativa. Enfocada ó logro dos estándares do curso que nos ocupa e das competencias clave.<br><br>A aula virtual facilita o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística grazas o deseño, modificación e búsqueda de actividades interactivas e lúdicas que implementan as catro destrezas lingüísticas a traballar en lingua estranxeira (CO, CE, EE, EO) e asemade a competencia dixital (CD); polo emprego continuado do aula virtual e das aplicacións pertinentes necesarias para a realización das actividades nela propostas, ou as empregadas durante as videoconferencias semanais.<br><br>As actividades propostas na aula virtual  para este terceiro trimestre son actividades de recuperación, repaso e reforzo de aprendizaxes anteriores. A maior parte do vocabulario e das estruturas gramaticais traballadas nelas, foi presentado ó alumnado en cursos anteriores ou de forma indirecta nos  xogos e actividades durante o primeiro e segundo trimestre desde curso 2019/20; debido a la  idiosincrasia da área e a avaliación continua inherente nela.<br><br>Dinámica empregada na aula virtual: O primeiro día  lectivo de cada semana de confinamento presentaranse no foro  do curso as actividades semanais un pequeno grupo de actividades interactivas (3 ou 4) cun alto compoñente lúdico, sinxelas e breves. Estas actividades estarán agrupadas por semanas, tal e como se pode comprobar nas  imáxenes.<br> |

| | |
|---|---|
| | (Imáxenes exemplo pertencentes o curso Y4)<br><br>Aínda que o emprego da aula virtual facilita enormemente a atención individualizada do alumnado; esta, podería ser moito máis doada para os docentes de ter habilitado o plugin de restrición de acceso na configuración das actividades. E así poder facilitar o acceso a actividades específicas de reforzo ou ampliación ó alumnado de altas capacidades ou con necesidades específicas.<br><br>Polo momento, non reportaron problemas de conectividade neste curso. |
| **Materiais e recursos** | Aula virtual Y1<br>https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipchanopinheiro/aulavirtual2/course/view.php?id=23<br>Abalar Mobil_ Comunicacións puntuais as familais.<br>Zoom e Cisco Webex _ Video conferencias<br>https://calendar.google.com/calendar?cid=Ym9yNjVtZTI2aTZqbGtkOHRraDlob284cmtAZ3JvdXAuY2FsZW5kYXIuZ29vZ2xlLmNvbQ<br><br>Imovie e Pow toon para o deseño de videotitoriais e presentación de contido.<br><br>Selección de vídeos_ Vocabulary, songs, stories, crafts ...<br>Learning Apps_ Creación de paquetes scorm<br>Apps para a grabación de audio.<br>Paddlet_ Muro colaborativo<br>Edpuzzle_ Actividades de comprensión oral<br>... |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | A docente compartirá o documento no curso virtual.<br>Coma adxunto nunha publicación no foro.<br>Envío dunha mensaxe privada empregando a mensaxería interna da aula virtual alertando da publicación no foro. |
| **Publicidade** | Publicación na páxina web do centro.<br>Informaremos ás familias por Abalar Móbil.<br>Aquelas que non dispoñan de Abalar Móbil enviaráselle unha carta por correo ordinario ou correo electrónico, indicándolle a onde se poden dirixir para atopar a documentación. |